

ORDENANZA FISCAL I2

Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

De conformidade co previsto nos artigos 78 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que refunde o texto da lei reguladora das Facendas Locais, o coeficiente e a escala de índices do Imposto sobre Actividades Económicas aplicable neste Concello quedan fixados nos termos que se establecen nos artigos seguintes

Artigo 2º. Coeficiente de ponderación.

Sobre as cuotas municipais, provinciais ou nacionais, fixadas nas tarifas do imposto se aplicará, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeto pasivo.

Dito coeficiente se determinará de acordo có seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios	Coeficiente
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra de negocio	1,31

Ós efectos da aplicación do coeficiente, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e detrmínarase de acordo có previsto no artigo 82.1c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Artigo 3º. Escala de Coeficiente da situación física.

Establecese sobre as cotas modificadas a seguinte escala de coeficientes para pondera-la situación física do local no termo municipal:

1ª Categoría de rúas 2,06

2ª Categoría de rúas	1,95
3ª Categoría de ruas	1,85

A relación de rúas integrantes de cada unha destas categorías figura como anexo a esta Ordenanza.

Artigo 4º. Bonificacións.

1. Gozarán duna bonificación do 50% da cota, os que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen por cota municipal, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenrolo da mesma.

A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que se exerceu a actividade anteriormente baixo outra titularidade, entre outras, nos supostos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará ós cinco anos dende a finalización da exención establecida no párrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei.

2. Gozarán unha bonificación do 50% da cota por creación de emprego para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que incrementen o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ó da aplicación da bonificación. En relación có período anterior a áquel.
3. Gozarán dunha bonificación do 25% da cota os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que reúnan algunha das seguintes condicións:
 - a) utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de cogeneración. A estes efectos entenderanse instalacións para o aproveitamento das enerxías renovables as contempladas e definidas como tales no Plan de Fomento das Enerxías Renovables. Consideranse sistemas de cogeneración os equipos e instalacións que permiten a produción conxunta de electricidade e enerxía térmica útil.
 - b) Realicen sus actividades industriais desde o inicio da súa actividade ou por traslado posterior, en locais ou instalacións afastadas das zonas máis pobladas do termo municipal.
 - c) Establezan un plan de transporte para os seus traballadores que teña por obxecto reduci-lo consumo da enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ó lugar do posto de traballo e fomenta-lo emprego dos medios de transporte máis eficientes, como o transporte colectivo ou compartido.

4. As bonificacións anteriores terán carácter rogado. O efecto da concesión das bonificacións producirase a partir do exercicio seguinte á data de solicitude e non terá carácter retroactivo. As anteriores bonificacións non serán aplicables simultaneamente.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 3 por acordo plenario de 19 de xaneiro de 2009 publicado definitivamente no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 3 por acordo plenario de 9 de novembro de 2011 e publicado definitivamente no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011

**Anexo: distribución de rúas por categorías ós efectos
de canto dispón o artigo 3º da Ordenanza Fiscal
número 12, reguladora do I.A.E.**

Rúas de Primeira categoría:

- Avenida de Asturias.
- Clemente Martínez Pasarón.
- Amador Fernández.
- Avenida de Galicia.
- Doutor Moreda.
- José Vicente Pérez Martínez
- Praza de España.
- Vilalba.
- Avda. L. Calvo Sotelo y Bustelo.
- Praza de Abaixo.
- Ramón González.
- Reinante.
- Rodríguez Murias.
- San Francisco.
- San Roque.
- El Viejo Pancho.
- Villafranca del Bierzo.
- Diputación.
- Ingeniero Schultz.
- Julio Lazúrtegui.
- Pasarón y Lastra.
- Amando Pérez ata Ingeniero Schultz.
- Buenos Aires ata Rúa Nova.
- Avda. Rosalía de Castro.
- Camilo Barcia Trelles.

Rúas de Segunda Categoría:

- Alfredo Deaño.
- Avda. de América.
- Carlos III.
- Plazuela de Alvarez Miranda.
- Trinidad.
- Lodeira ata antiga Vía FF.CC.
- Zona Portuaria Porcillán y Mirasol.
- Virgen del Camino.
- Carreteras Nacionais, 634, 640 e 642 en todo o seu percorrido no termo municipal de Ribadeo e os terreos comprendidos nunha franxa de 100 m. a ambas márxes delas.

Rúas de Terceira Categoría:

- As demais prazas, rúas e camiños do termo municipal de Ribadeo.